

## **AER LEVA AO PLENO DE XANEIRO UNHA PROPOSTA DE MELLORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN**



A Agrupación de Electores de Redondela (AER) vén de presentar unha moción acerca do funcionamento do Programa Municipal de Conciliación, recollendo diversos aspectos dos que a veciñanza vén transmitindo as súas queixas, e tentando con esta iniciativa a mellora do programa, así como que o admisión sexa máis xusta, rigorosa e acorde coa finalidade última de facilitar a conciliación laboral e familiar.

Dende AERponse en solfa a falta de antelación na publicidade para dar a coñecer os prazos de inscrición, que esta inscrición sexa por estrita orde de inscrición deixando de lado que os proxenitores traballen ou non, e o máis sorprendente, que non haxa ningún criterio de admisión ligado á capacidade económica da unidade familiar traballadora, dado o limitado número de prazos ofertadas.

Na proposta presentada por AER tamén se fai fincapé nunha maior flexibilidade de horarios na entrada dos cativos e das cativas e que a duración diaria abarque os rangos habituais dos horarios laborais. Outro punto relevante e demandado é que se estableza unha reserva de prazos suficiente para persoas con discapacidade para evitar que poidan quedar fóra do programa de conciliación.

Redondela, 15 de xaneiro de 2016